

OFERTA DE PUBLICIDADE EN PANTALLA NO CINEMA NUMAX



NUMAX

Cinema

***QUE É NUMAX**

NUMAX é unha cooperativa de traballo asociado que abrirá un **cinema**, unha **librería** e un **estudio de deseño, comunicación e produción de vídeo** no centro de Santiago de Compostela en marzo de 2015.

Se queres coñecer mellor o proxecto, entra en www.numax.org

O CINEMA NUMAX


NUMAX liga a tradición dos cinemas de Arte e Ensaio cos novos cinemas de Pescuda e Achado, tal e como se están a agrupar na actualidade as salas que tentan anovar de maneira activa as formas cinematográficas e as prácticas culturais.

Cun **aforo de 70 butacas e 70 m2 de superficie**, o cinema NUMAX estará equipado co último estándar profesional de proxección dixital (DCI 4K), que posibilita a exhibición en todos os soportes de alta definición, converténdose así na **única sala estándar do centro de Santiago de Compostela** con esta tecnoloxía.

NUMAX proxectará entre **6 e 8 títulos ao mes**, todos eles en **versión orixinal subtitulada**, distribuídos en 25 sesións semanais que sumarán 1.000 proxeccións anuais.

A programación prestará especial atención á **estrea de obras** cinematográficas que aposten pola innovación formal e temática, e que habitualmente non atopan o espazo axeitado nas carteleiras.

Tamén haberá lugar para sesións destinadas a **público mozo** ou **reposicións de filmes clásicos** que establezan un diálogo coas propostas máis recentes.



Ofrecemos a nosa pantalla para facer **insercións publicitarias** de entre **20-30 segundos** antes de cada proxección.

ANUNCIARSE EN NUMAX:

1. Anunciarse na única pantalla de cinema no centro da cidade, a carón da Praza de Galicia e ao pé da Zona Vella

A situación de NUMAX non é casual, porque nace coa vontade de recuperar

para o público xeral o hábito de ir ao cinema nun contexto diferente ao das grandes superficies, devolvendo o foco de atención á **oferta comercial de proximidade** sen deixar de lado a **innovación** e a **dinamización social**.



2. Chegar a un público de 1.500 espectadores

NUMAX conta con **70 butacas** que acollerán 25 proxeccións semanais (**unhas 100 proxeccións cada mes**). Cruzando os datos de asistencia ao

cinema e os estudos de mercado dispoñíbeis, traballamos cunha estimación de público de 1.360 espectadores no mes de marzo e 1.712 espectadores en abril, sendo a media mensual 1.500 espectadores.



4K	<h3>3. Proxectar en 4K, o último estándar de alta resolución</h3> <p>Xa hai uns anos que comezou o proceso de dixitalización das salas de exhibición cinematográfica. Porén, a maioría das salas comerciais aínda empregan proxectores 2K, con resolución e contraste moi inferior ao noso equipamento.</p>
2K	
DVD	

O PÚBLICO OBXECTIVO DE NUMAX

A

Home con poucos fillos ou sen eles / Muller de entre 26 e 50 anos.

Con estudos superiores, persoa selectiva con salario medio. Vive nun entorno urbano e é lectora habitual.

B

Mozo de entre 16 e 25 anos, urbano,

nativo dixital e atento ás tendencias mediáticas e culturais.

C

Home de entre 35 e 50 anos con educación e ingresos medios coñecedor e posuídor de tecnoloxía.

Emprega xogos de vídeo, redes sociais e televisión de pago.

TARIFA

Prezo por anuncio/mes

300€ (+IVE)

Inserción de 20-30" antes de cada proxección, sobre unha estimación de 100 proxeccións mensuais

Contacta connosco para informarte sobre posíbeis vantaxes e condicións desta tarifa e as do resto de formatos.

cinema@numax.org

Requisitos técnicos para entrega de materiais

DCP 4K, DCP 2K,
arquivo .mov en 1080p
ProRes 422 HQ ou superior.



Poñemos tamén á disposición dos nosos anunciantes os servizos do [laboratorio de produción de vídeo](#) para a realización de pezas promocionais así como para a súa posproducción ou conversión aos estándares da distribución cinematográfica. [Consulta](#) servizo e tarifas en laboratorio@numax.org

Un cinema,
unha librería e un laboratorio
gráfico e audiovisual.

NUMAX

CINEMA

Ramiro Ledo
cinema@numax.org

LABORATORIO

Pablo Cayuela
Antonio Doñate
X. Carlos Hidalgo
laboratorio@numax.org

LIBRARÍA

Irma Amado
libreria@numax.org

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9
15702 Santiago de Compostela
+34 981 560 250 | 608 159 784
www.numax.org
numax@numax.org